



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación



Teledetección: a Terra desde o ceo Verónica Santalla del Río

Como se ve a Terra desde o ceo? Con moitos ollos, todos diferentes, algúns ven o mesmo que nós, outros ven cousas que non podemos ver. Que non podíamos. Agora si, empregamos eses ollos e vemos moito máis. A teledetección é o conxunto de tecnoloxías desenvolvidas para obter información dun obxecto sen estar en contacto directo con el. Nesta charla imos ver as partes dun sistema de teledetección e os sensores, activos e pasivos, no espectro visible, en infravermellos e microondas. Tamén veremos como se usan os datos que se recollen con estes sensores para vivir e coidar os océanos ou avaliar as consecuencias do cambio climático.



A telefonía móbil e os cambios na sociedade: Cara á sexta xeración (6G) Íñigo Cuiñas Gómez

A sociedade actual non se entende sen a telefonía móbil, e as diferentes xeracións da primeira á quinta (5G) que estamos a usar agora definen a nosa historia recente. Que podemos facer agora coa 5G? Como va a ser a nosa vida nos próximos anos? Nesta charla recorreremos a impresionante evolución da telefonía móbil nun curto espazo de tempo, dende a súa orixe, e falaremos da actualidade e do seu futuro inmediato: a 5G e a 6G. Esta quinta xeración vai ser a base tecnolóxica dos desenvolvementos de Internet das Cousas (IoT), con vehículos automatizados ou casas conectadas ás cidades intelixentes. A tecnoloxía 5G está chea de potencial. Coa rede 5G poderemos descargar unha película no noso teléfono intelixente en menos de tres segundos; o noso coche vai ser capaz de moverse autonomamente salvando os obstáculos do camiño; os/as médicos/as poderán realizar procedementos cirúrxicos complexos empregando robots de forma remota; as cidades serán capaces de recompilar información en tempo real sobre o tráfico, o tempo e a delincuencia,... Este futuro tecnolóxico vai traer novos e inspiradores ámbitos de traballo, e a 6G vai ser aínda máis disruptiva. Queres coñecer como chegamos a onde estamos e como pode ser o futuro no que vas desenvolverte como profesional?



Como funciona un dron? Felipe Gil Castiñeira

Nesta charla presentaranse os compoñentes electrónicos e o software dun cuadricóptero. Que elementos o compoñen, como se conectan, interaccionan e se controlan. Tamén se van presentar as súas aplicacións e funcionalidades avanzadas como son voo autónomo, integración coas redes de comunicación, canles de control, etc.

CHARLAS NO TEU CENTRO

Docentes da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo ofrecen aos centros educativos pre-universitarios (primaria, ESO, bacharelato e FP), un conxunto de charlas de divulgación científica e tecnolóxica. Con estas charlas preténdese explicar de forma sinxela conceptos científicos e tecnolóxicos, fomentando o interese polas competencias STEM.

As charlas, dunha hora aproximada, adaptaranse ao nivel educativo do alumnado. Para solicitar unha destas charlas envía un correo electrónico, indicando a/s charla/s de interese a:



teleco.subdir.captacion@uvigo.es



EE TELECOMUNICACIÓN UVIGO



@EETelecoVigo



@teleco_uvigo



@EETelecomunicacionUVigo



@teleco_uvigo



Visita a nosa web!



Internet das Cousas (IoT) Juan José López Escobar

A Internet das Cousas (o IOT, nas súas siglas en inglés) permite que pequenos dispositivos (ou non tan pequenos), cooperen entre si comunicándose de maneira autónoma. Desde a lavadora da túa casa, o teu altavoz intelixente ou o teu smartwatch, ata complexos sistemas de sensorización no entorno industrial, as cousas poden xa "charlar" entre si sen a participación dun ser humano. De que falan? Para que o fan? Isto imos tratar nesta charla: a potencialidade destas tecnoloxías de comunicación combinadas coa algoritmia da intelixencia artificial.



Chocolate, WiFi e buratos negros Felipe Gómez Cuba

As ondas electromagnéticas están presentes en moitos aspectos da vida cotiá, desde a luz que vemos de día aos sinais de datos nos que se transmite toda a información dixital. Neste relatorio aprenderemos os principios intuitivos da combinación coherente das ondas a través de varios exemplos: veremos como se pode fabricar unha antena de WiFi empregando unha lata de Nesquick, entenderemos por que os routers WiFi de "nova xeración" teñen máis antenas que os seus primos máis antigos, e lembraremos a famosa foto dun burato negro alcanzada polo equipo Event Horizon Telescope Collaboration, no que os mesmos principios foron aplicados para a creación dun telescopio co tamaño do noso planeta enteiro.



Onde está e para que se usa a túa información cando vai "á nube"? Rebeca Díaz Redondo

Nesta charla falaremos da computación na nube, dos grandes centros de datos onde se almacena información de todos nós e da súa seguridade. Ademais, veremos como este paradigma de computación, conxugada coa computación en dispositivos pequenos, é axeitada para solucións de intelixencia artificial, como a necesaria no vehículo autónomo.



Rompendo barreiras de comunicación coa Intelixencia Artificial Laura Docío Fernández

Hoxe en día dispoñemos de múltiples servizos automatizados empregando soamente a nosa voz. Probablemente, en poucos anos, poderemos ter unha conversa cun chatbot como a que habería entre dous humanos, e incluso conversacións con persoas que non falan o noso idioma. Pero, que pasa coas persoas xordas? Van seguir vivindo sen poder comunicarse de xeito natural, nin acceder a servizos básicos, se non teñen unha persoa intérprete? Nesta charla daremos un repaso á tecnoloxía de recoñecemento de voz e tradución detrás de moitos dos dispositivos e servizos que empregamos habitualmente, e explicaremos cales son os pasos que se están a dar para desenvolver a tecnoloxía de recoñecemento de lingua de signos.

CHARLAS

de divulgación científica e tecnolóxica

Curso 2025-2026

Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación



O teu algoritmo e ti! Jaime González González

Nesta charla, imos descubrir que é exactamente un algoritmo e que funcións desempeña na nosa vida cotiá. Para iso, poñeranse os exemplos de 4 casos de uso reais cos que o estudantado se relaciona habitualmente (Instagram, TikTok, YouTube e Amazon). Ademais de entender o **algoritmo**, debatiremos sobre a súa perspectiva ética e que dereitos teñen as persoas sobre o acceso a súa información.



Intelixencia Artificial: aplicacións, beneficios e riscos Juan Carlos Burguillo Rial

A Intelixencia Artificial (IA) está cada vez máis presente nas nosas vidas: nas aplicacións móbiles, particularmente redes sociais, e en moitos outros servizos en liña que usamos a diario. Nesta charla faremos unha introdución sinxela a que é a IA, veremos exemplos de como se aplica actualmente e de como podería evolucionar no futuro. Tamén falaremos sobre como aproveitala de maneira práctica e responsable, dos beneficios que pode achegar e dos riscos que convén ter en conta.



Detectives de imaxes: a ciencia forense de imaxes dixitais Fernando Pérez González

¿Sabías que a cámara dixital do teu móbil ten unha pegada como nós nas polas dos dedos? ¿Sabías que se pode saber o preciso intre no que un vídeo foi gravado analizando como varía a iluminación que capta? ¿Sabías que se pode saber se unha imaxe foi manipulada empregando as matemáticas? Nesta charla presentaremos algunhas das ferramentas que desenvolvemos coa nosa investigación na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, que nos permiten facer de "detectives de imaxes". Exploraremos algúns exemplos curiosos de manipulacións e veremos como a irrupción da IA xerativa multiplicou os riscos dos "deepfakes", así como as estratexias que estamos a desenvolver os investigadores para detectalos. A presentación incluírá demostracións con casos reais.



Redes Neuronais, o fundamento da intelixencia artificial Fernando Martín Rodríguez

Un repaso aos diferentes tipos de redes neuronais e as súas aplicacións. Como a súa progresiva sofisticación permite resolver problemas cada vez máis complexos. Aplicacións en detección de obxectos desde satélite, en deseño electrónico avanzado, en medicina e en detección de imaxes creadas por IA (a IA controlando á IA).



Ser ou non ser hacker e o dilema dos sombreiros Manuel Caeiro Rodríguez

Cada día recibimos novas sobre hackers que rouban os datos de milleiros de usuarios, cambian os contidos de webs, envían mensaxes de phishing, secuestran equipos con ransomware ou utilizan redes de dispositivos zombie para lanzar ataques contra outros sistemas. Detrás destas actividades delictivas hai hackers (de sombreiro negro). Pero os hackers (de sombreiro branco) tamén axudan a previr e protexer. Aparte, hai outros hackers (de sombreiros azuis, verdes ou vermellos) para os que non está tan claro a consideración legal e ética. O certo é que o hacking é polifacético, sendo moi importante coñecer as distintas variantes que se presentan e as formas nas que poden danar ou axudar.



Érase unha vez...Internet J. Carlos López Ardao

Na charla farase un percorrido pola historia de Internet ata hoxe, intentando explicar de xeito sinxelo o funcionamento de Internet e, de moitas tecnoloxías relacionadas, que resultan familiares para a xente máis nova (Ciberseguridade, Bitcoins, Internet das Cousas, Redes Sociais, móbiles, Intelixencia Artificial, Big Data, WiFi, etc.), todo iso aderezado con anécdotas que intenten sacar algunha que outra risa.



Seguridade nos dispositivos móbiles Cristina López Bravo / Enrique Costa Montenegro

Este relatório trata sobre a seguridade en dispositivos móbiles, cada vez máis presentes nas nosas vidas tanto no eido persoal coma no laboral. En primeiro lugar, analízanse cales son as principais vulnerabilidades (a través de exemplos reais) que afectan aos dispositivos móbiles para despois expoñer as medidas adoptadas coa fin de mitigar estas vulnerabilidades e así dispoñer de dispositivos máis seguros. As medidas van desde a correcta configuración dos equipos ata a concienciación dos/as usuarios/as, pasando polo deseño e programación de aplicacións seguras.



Ecos do invisible Carlos Mosquera Nartallo

Repasamos o uso dos sinais deseñados para observar o interior do noso organismo, como os que se empregan nas resonancias magnéticas ou nas ecografías. Tamén se deseñan sinais cuxos ecos permiten localizar avións, poñer multas por exceso de velocidade ou saber cando vai chover. E, para descubrir ata onde podemos chegar, aparece a mecánica cuántica de fondo, que formaliza os límites que nos impón a natureza para calquera observación e que, paradoxalmente, tamén nos permite medir cunha precisión abraiante ou quedar a salvo de fisgóns indesexados.

A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) puxo en marcha a rede de traballo ConexiónTeleco na que as entidades que a forman participan en diversas iniciativas da EET. Unha das iniciativas é a oferta dun conxunto de charlas de divulgación científica e tecnolóxica a centros educativos preuniversitarios (primaria, ESO, bacharelato e FP).

Con estas charlas, impartidas por [profesionais das empresas asociadas](#), preténdese explicar de forma sinxela conceptos científicos e tecnolóxicos, fomentando o interese polas competencias STEM.

As charlas, dunha hora aproximada, adaptaranse ao nivel educativo do alumnado. Para solicitar unha destas charlas envía un correo electrónico, indicando a/s charla/s de interese a:

➔ teleco.subdir.captacion@uvigo.es

▶ EE TELECOMUNICACIÓN UVIGO

✕ @EETelecoVigo

📷 @teleco_uvigo

📘 @EETelecomunicacionUVigo

🎵 @teleco_uvigo



Visita a nosa web!



Coche conectado e coche autónomo, unha nova comunidade cooperativa
[Optare Solutions](#)
 ESO, Bacharelato e FP

optare®solutions
 ¿Conectamos?

Imaxínasche un futuro onde os vehículos non só sexan autónomos, senón tamén completamente conectados? A revolución do coche autónomo e conectado está aquí para transformar a nosa forma de desprazarnos. Desde a seguridade viaria ata a eficiencia enerxética, este avance tecnolóxico promete cambiar radicalmente a nosa relación coa conducción. Imaxina frotas de vehículos que se coordinan entre si para optimizar o tráfico urbano, ou coches que aprenden das túas preferencias para ofrecerche unha experiencia personalizada. Ademais de revolucionar o transporte persoal, estes vehículos están destinados a transformar a loxística, a industria do transporte de mercadorías e ata a medicina, abrindo un abanico de posibilidades que apenas estamos a comezar a explorar. Prepárate para unha viaxe cara a un futuro onde os límites da mobilidade son desafiados e a innovación non coñece límites.



Despregamentos de fibra, internet á velocidade da luz
[Optare Solutions](#)
 Bacharelato e FP

optare®solutions
 ¿Conectamos?

Aínda que nas películas e nas series sexan capaces de comunicarse entre diferentes planetas e galaxias de forma instantánea, no mundo real non hai nada máis rápido que a luz e xa só para percorrer a distancia entre o Sol e a Terra necesita varios minutos. Hai tempo conseguíuse que a luz puidese viaxar polo interior de cables sen demasiadas perdas e que nos servise para transmitir información entre diferentes puntos a altísimas velocidades. Veremos como funciona unha conexión de fibra óptica, como se transmiten os datos e como as empresas de Telecomunicacións despregan as súas redes nas zonas rurais e urbanas para que o internet de alta velocidade poida chegar ata calquera das nosas casas.



Arquitectura do vehículo e redes de comunicacións en automoción. Do deseño ao testeo
[Technica Engineering Spain](#)
 Bacharelato e FP

Technica
 #OneStepAhead

Nesta charla, descubriremos como se transmite a información, a través de diferentes tipos de arquitecturas e tecnoloxías ao longo da historia da automoción, centrándonos nas tendencias actuais. Veranse exemplos concretos e, abordarse o tema desde unha parte inicial da elección da arquitectura, os proles e contras das diferentes tecnoloxías segundo o caso concreto, ata unha explicación final de diferentes formas de realizar os tests. E, desta forma, comprobar que todo funciona correctamente, antes de que dita implementación sexa integrada nun novo modelo de coche dos que vemos pola rúa.



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación



Sistemas anti dron: como combater contra ameazas UAV
[INDRA](#)
 4º ESO e Bacharelato

indra
 En Indra, transformamos el futuro

Todo o mundo coñece as bondades dos vehículos aéreos non tripulados e o seu impacto beneficioso na nosa sociedade. Pero esta tecnoloxía tamén ten un lado escuro que se fixo realidade en conflitos armados. Nesta charla describiremos as partes que compoñen un sistema que permite localizar un dron, seguir a súa traxectoria e anular as súas capacidades. Veremos os puntos débiles que explota para localizar e seguir ao dron: as súas canles de comunicacións, o seu posicionamento GPS, o propio vehículo como obxecto... e como leva a cabo a anulación das súas capacidades, que consiste en perturbar as súas canles de comunicacións ou o sinal GPS, facerse co control do mesmo e mesmo conseguir enganalo co fin de que abandone a súa traxectoria.



Como funciona WhatsApp
[Quobis:](#)
 ESO, Bacharelato e FP

quobis:
 Módulos tecnológicos de comunicación

WhatsApp, Telegram, X, Discord... detrás de calqueira plataforma de mensaxería hai un feixe de servizos coordinados entre si. Nesta charla daremos unha introdución á arquitectura e protocolos que empregan estas ferramentas para intercambiar mensaxes de texto, audio e vídeo de maneira masiva. Abordaremos o concepto de protocolos de comunicación, a súa seguridade e analizaremos o futuro da mensaxería persoal.



Internet vía satélite > conectémonos como galegos
[Optare Solutions](#)
 Bacharelato e FP

optare®solutions
 ¿Conectamos?

Cable? Fibra? Móbil? Non, é satélite! Todos queremos ter conexión da internet hoxe en día. Pero que pasa se onde estás non chega o cable (ADSL) nin a fibra óptica e a cobertura de móbil non é boa? Sen dúbida, en Galicia sabemos disto. A boa noticia é que podemos conseguir esa conexión por un medio que quizá queiras coñecer: a conexión vía satélite. Se queres saber máis desta tecnoloxía para subir stories ou poder teletraballar na casa rural dos avós, aquí falaremos disto e máis



Como funciona Internet?
[Optare Solutions](#)
 ESO, Bacharelato e FP

optare®solutions
 ¿Conectamos?

Que hai detrás da internet? Exploraremos como pasou de ser un proxecto de investigación de EE. UU. á ferramenta esencial que usamos todos os días. Falaremos da fitos clave, como a comunicación entre computadores, o nacemento da primeira páxina web e o xurdimento de empresas emblemáticas como Google, Facebook e Amazon que deron forma ao panorama actual. Ademais, veremos como estas innovacións tecnolóxicas han transformado a forma en que nos comunicamos, accedemos á información e como continúan moldeando o noso futuro dixital.



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación



Rastrexadores dixitais: como facer Ciberintelixencia de fontes abertas (OSINT)
INDRA
4º ESO e Bacharelato

indra

En Indra, transformamos el futuro

Cando subimos unha foto, facemos un comentario en redes sociais ou realizamos unha busca en Internet, deixamos unha pegada dixital. Pero... sabías que esa información pode empregarse para investigar, protexer ou mesmo atacar? Nesta charla descubrirás que é a Ciberintelixencia de Fontes Abertas, coñecida como OSINT (Open Source Intelligence). Verás como profesionais da ciberseguridade, xornalistas, técnicos de recursos humanos e forzas policiais analizan información pública para obter coñecemento útil. Coñecerás como se pode investigar unha persoa, unha empresa ou un acontecemento empregando só datos dispoñibles en Internet: redes sociais, foros, páxinas web, bases de datos abertas... ¡e todo isto sen necesidade de hackear nada!



IA para a industria 5.0: fábricas intelixentes, humanas e sostibles.
Gradiant
Bacharelato e FP

gradiant

#FUTUREISINTELLIGENCE

Como sería traballar nunha fábrica onde as máquinas aprenden, comunícanse e toman decisións? A Industria 4.0 trouxo fábricas conectadas e automatizadas. Agora, a Industria 5.0 vai un paso máis aló: as máquinas xa non só traballan, senón que colaboran coas persoas, entenden a súa contorna, preocupáanse polo medio ambiente e adaptanse a necesidades cambiantes. Nesta charla entenderemos conceptos básicos e veremos con exemplos de aplicación como a IA e o Machine Learning, xunto a outras tecnoloxías como o 5G, o IoT, a robótica ou o Big Data, permiten dar este salto cara a unha industria máis humana, resiliente e sostible. Desde prever avarías, ata entender a linguaxe humana ou reducir a pegada de carbono: comprobaremos como a tecnoloxía está a facer a industria máis intelixente, pero tamén máis humana.



Enganando á Intelixencia Artificial
Gradiant
Bacharelato e FP

gradiant

#FUTUREISINTELLIGENCE

Nesta charla descubriremos como funcionan os ataques adversarios, unha técnica capaz de enganar aos sistemas de intelixencia artificial alterando imaxes de forma case imperceptible para o ollo humano. Veremos exemplos reais nos que unha IA confunde sinais de tráfico, identifica mal a persoas ou clasifica obxectos de forma errónea. Ademais, exploraremos os riscos que estes ataques supoñen en ámbitos como a ciberseguridade, a conducción autónoma ou os sistemas biométricos, e como desde Gradiant utilizamos estes ataques e desenvolvemos modelos de IA máis robustos a través de proxectos como fAIr. A sesión inclúe demostracións interactivas onde os estudantes poderán poñer a proba as súas propios sentidos... e descubrir o fácil que pode ser enganar a unha máquina!



O lado ético da Intelixencia Artificial
Gradiant
Bacharelato e FP

gradiant

#FUTUREISINTELLIGENCE

A IA foise integrando gradualmente na nosa vida diaria, facilitando tarefas e ofrecendo resultados inmediatos sen apenas deixarnos tempo para expor os dilemas e retos éticos que implica o seu uso. Nesta charla compartiremos a importancia de protexer a nosa privacidade e os nosos datos, analizaremos como os algoritmos poden herdar nesgos e tomar decisións inxustas para nós, reflexionaremos sobre as oportunidades e riscos que a IA trae á educación, o traballo, a creatividade, as interaccións sociais e a saúde mental. Ademais, coñeceremos as regulacións actuais, algunhas ferramentas de inspección e debateremos sobre o futuro do emprego nun mundo cada vez máis automatizado.



Máis aló da Fibra: Como se crea un Operador de Telecomunicacións
Optare Solutions
Bacharelato e FP

optare solutions

¿Conectamos?

Descobre como funcionan as compañías que nos conectan cada día e que se necesita para poñer en marcha un operador da internet e móbil en España. Cun enfoque sinxelo e práctico, mostráremosche como é posible ofrecer fibra e servizos móbiles sen necesidade de ter grandes infraestruturas propias. Unha oportunidade para coñecer desde dentro un sector cheo de innovación, retos e posibilidades de futuro, explicado de forma próxima e pensada para espertar a curiosidade das novas xeracións.



En ocasiones veo... ataques: IA 🧡 Ciberseguridade
Gradiant
ESO, Bacharelato e FP

gradiant

#FUTUREISINTELLIGENCE

Que relación pode existir entre unha central nuclear en Irán, un apagamento en Ucraína, un banco en Bangladesh e unha poxa de gando en Silleda? E que teñen en común a túa data de nacemento ou o teu código postal co historial médico do gobernador de Massachusetts? A resposta está na ciberseguridade. Nesta sesión veremos como, apoiándonos en técnicas de IA e analítica avanzada, é posible detectar, investigar e prever ciberataques, desenmascarar bots en redes sociais, combater a fraude en liña e protexer a privacidade dos usuarios.



Pode a IA axudar a salvar vidas?
Gradiant
ESO, Bacharelato e FP

gradiant

#FUTUREISINTELLIGENCE

A intelixencia artificial non é ciencia ficción: xa se utiliza para axudar a médicos a detectar enfermidades antes e tratar mellor aos pacientes. Nesta charla veremos como funcionan os algoritmos que permiten detectar enfermidades a partir de imaxes médicas, como se poden anticipar crises de saúde analizando sinais do corpo, ou como un móbil pode converterse nunha ferramenta médica. Explicaremos os principios básicos da IA: como “aprenden” as máquinas, como se adestran con datos, e como se asegura que as súas decisións sexan seguras e fiables.



IA que cura... ou mesmo cultiva
Gradiant
ESO, Bacharelato e FP

gradiant

#FUTUREISINTELLIGENCE

A intelixencia artificial non é ciencia ficción: xa se utiliza para axudar a médicos a detectar enfermidades antes e tratar mellor aos pacientes. Nesta charla veremos como funcionan os algoritmos que permiten detectar enfermidades a partir de imaxes médicas, como se poden anticipar crises de saúde analizando sinais do corpo, ou como un móbil pode converterse nunha ferramenta médica. Explicaremos os principios básicos da IA: como “aprenden” as máquinas, como se adestran con datos, e como se asegura que as súas decisións sexan seguras e fiables.



eIDAS2: a revolución silenciosa da túa identidade dixital
Gradiant
Bacharelato e FP

gradiant

#FUTUREISINTELLIGENCE

Imaxina que o teu carné de identidade, a túa tarxeta sanitaria, o teu abono transporte, a túa conta bancaria e mesmo o certificado dixital que usan os teus pais para facer trámites... todo coubese nunha única aplicación oficial no teu móbil, segura e recoñecida en toda Europa. Iso é o que persegue eIDAS2 coa Carteira de Identidade Dixital Europea: unha evolución do primeiro regulamento (eIDAS1), que hai anos sentou as bases da firma electrónica e a identificación dixital, pero que hoxe queda curto ante os retos da nosa vida conectada. A transición cara a eIDAS2 non é só unha cuestión legal ou técnica: é unha revolución en como as persoas, as empresas e as administracións relaciónanse no mundo dixital.



Comunicacións por satélite: como funcionan?
Marine Instruments
Bacharelato e FP

marine instruments

talento innovador

Sabes como funciona a conexión por satélite que permite enviar unha mensaxe ou localizar unha boia no medio do océano? Nesta charla exploraremos os distintos tipos de satélites de comunicación —LEO, MEO e GEO—, e veremos por que están onde están e que usos teñen. Viaxaremos dende os inicios con Iridium ata os sistemas actuais como Starlink, con aplicacións reais como a pesca do atún ou o acceso a internet en zonas remotas. Un paseo polo espazo para entender como os satélites conectan o noso mundo.



Que fai un/unha teleco na industria do automóbil?
Technica Engineering Spain
ESO, Bacharelato e FP

technica engineering

#OneStepAhead

Esta charla está pensada para mostrar aos estudantes como a enxeñería de telecomunicación, tradicionalmente asociada a móbiles, redes ou satélites, converteuse nunha peza cruce dentro do sector do automóbil. Falaremos dos piares que definen a enxeñería de telecomunicación (comunicacións, electrónica, programación, tratamento de sinal e xestión de sistemas) e como estes coñecementos aplícanse en áreas como a conectividade do vehículo, os sistemas de asistencia á conducción, a xestión de datos ou o coche eléctrico e autónomo. Exploraremos por que a demanda de telecos neste sector está a crecer, e como, nun momento en que a industria europea do automóbil enfróntase a grandes desafíos tecnolóxicos e competitivos, os/as telecos poden ser parte esencial da solución.



Tecnoloxías que salvan vidas
CENTUM
Bacharelato e FP

CENTUM

Creemos futuro, creemos en tu talento

Nesta charla, descubriremos como podemos aproveitarnos da tecnoloxía que usamos no noso día a día para axudar a salvar vidas. En concreto, falaremos dos fundamentos que permiten o funcionamento da telefonía móbil, e como estes poden ser utilizados polos equipos de procura e rescate para atopar rapidamente a unha persoa que se atope en perigo ou desaparecida.